

Prisciliano e a identidade galega

José Luis Fernández Díaz

30-05-2010



Nom é casualidade nem oportunismo o falar do martir Prisciliano, coa que está caendo na institución católica romana. Pero co motivo da aparición dum ensaio de Victorino Pérez Prieto sobre a figura de Prisciliano, tenho a boa excusa de relatar a intenciom e a transcendencia do ajusticiado em Tréveris no ano 385, junto cos seus seguidores ou secuaces, segundo sexa o escritor que se pronuncie. Ademáis de Prisciliano, foram sentenciados a morte Felicísimo, Armenio, Latroniano, Eucrocía, Juliano, Aurelio e Asarbo, e tamem houbo penas de desterro para outros tres. Pero algúns preguntaran-se polos horrendos delitos que deberom cometer todos eles para receber um castigo (com sentença civil) tam ejemplar. Imos por partes, se lhes parece.

O fundamento da institución Católico Romana é entre outras a 'tradizom'. Pero nom debéramos esquecer os Decretos dos Santos Pontífices, nem a Resolucíons dos Concilios Ecuménicos, ademáis da Biblia. De todo o seu conjunto sagem as 'normas' da igreja. Um tanto desconhecidas polos seus fieis, os cuais se identificam moito máis cos Dogmas, pero de vital importancia para a compleja estructura Doctrinal de Roma. Tamem do falar 'ex Catedra' do Pontífice (ou dogma da infalibilidade), penso que podemos obviarlo por ser moi recente. Data de 1870, co decreto Pastor Aeternus , do Concilio Vaticano I, e está bastante 'tocado' polas declaracíons de moitos teólogos católicos e mesmo polo anterior Pontífice Karol Woitila.

Pois bem, feita a introduciom de rigor e a definiciom precisa, o crime do Prisciliano foi querer reformar a instituciom Católico Romana. Tanto quixo fazer, e tam bem foi acolhido polos galegos, que tiverom que inventar que se dedicaba á bruxeria ou que estaba próximo ao maniqueismo para poder acabar coa súa reforma. Esa Reforma que logo no século XVI daría os seus froitos de liberdade de exame das Escrituras sería a reminiscenza do pasado na figura de Prisciliano. Soterrado na Alemanha, os seus seguidores trasladam os seus restos a Galiza, catro anos despois. Suponhem vostedes onde estam os restos? Iso é o que menos importa agora. Pero nom deixa de surprender que o seu pensamento siga a carom da ideosincrasia galega e cumpra o seu propósito de chegar-se a Biblia sem concilios nem tradicións.

Con todo, as reformas da instituciom católica som demandas dos seus seguidores e reivindicadas polos intelectuais de todas os tempos. Otero Pedrayo, Antón Vilar Ponte e deixo a Vicente Risco para o final, para aclarar que hai que precisar o seu pensamento cando Risco era alguem (como dixo Castelao). Cando Risco falaba sem o medo que quere justificar o seu cambio de pensamento, decía de Prisciliano o seguinte: 'Prisciliano é algo tam grande que ... nom sei se os galegos chegaremos endexamais a descubri-lo', e engade, 'quem sabe se moito do nosso porvir nom depende nel'. Posteriormente na Historia de Galicia, Risco maltrata a Prisciliano e muda a súa opiniom, contradecendo o anterior, pero estou seguro que o que chamou a atenzom de Risco em relazom co Priscilianismo nom foi que o decapitaram, ou que tivera moitos seguidores, senom que o conjunto da sociedade galega víra-se identificado co teólogo que a través da Biblia e da súas ensinanzas chegaba aos corazóns.

Demasiadas veces tenho lido e escoitado que Prisciliano é um símbolo necesario ao día de hoje, e em concreto Victorino P. Prieto escolheu esta frase coma subtítulo do seu fabuloso ensaio editado por Galaxia. Pero a menssagem de Prisciliano era de renovazom interna duma instituzom católica que contem parte da verdadeira Igreja no seu sentido original de 'Ecclesia'. Por Fortuna ja nom predica que é so patrimonio duma soa confessiom religiosa, o que me fai pensar que Prisciliano botaria um riso de agradecemento se chega-se a ver separados os poderes políticos e religiosos, que acabaram coa súa vida.